

## FESTA XELA

### XELA ARIAS

Novembro nada máis chegar tróuxonos unha dor que nos crebou por dentro, a morte cruel de Xela Arias Castaño. Máis inxusta ca nunca. Detía o corazón dunha muller de 41 anos, poída que no mellor momento da súa vida, feliz na súa profesión de ensinante de literatura española, feliz na compañía do seu fillo Darío. Detía o labor serio e preciso da traductora que iniciaría en breve a travesía polo *Ancho mar dos sargazos* de Jean Rhys. Detía o alento vital dunha poeta en plena actividade creativa, en solitario, sen dogmas, sen escolas, fóra do canon. Libre. Detía o entusiasmo do compromiso para berrar dignamente contra a Burla Negra e esixir que Nunca Máis. Detía as palabras na *Festa da palabra*.

Cando lemos de Xela Arias *Denuncia do equilibrio* (Edicións Xerais, 1986), escrito en 1984, algo racha no panorama poético, hai unha voz nova desde a outredade. A *Festa da palabra* era ainda *silenciada*, ela contribuíu a tirarlle ese adxectivo. "Polo paseo ARRIBA MERGULLFIME naquilo que non era meu/ e sentiamo tan adentro". Tamén lemos: "e é que estou tan lonxe que xa non regreso/ non sei que faço cuando me escribo/ que convierto a noite

en escada de abrazos/ e de lonxe os meus regresos desexístense". Mudaba a lingua para partila, esnaquizada. Indagar para

procurarse no mundo e no espacio. "O POEMA SOMOS NÓS é certo ¿pero que establecer?" Escribia e



Marga Romero

ACTUALIDAD E

<p>escribiuse facendo fuxir do poema, fugíndose na fuga, o mesmo sentimentalismo que rexentara Manuel Antonio. "Un reloxo na cadeira pousado tronza en tres/ o bico/ a piques de esvairai". Rachar tempo e espacío, crear "cabalos afaranxados nos rebumbios das brasas cortadas". Ruptura para recoller de Rilke e asumir que "todo anxo é terríbel", asumir a maldición de Rimbaud e saber que malia ela é un ser humano como Círol. Toda ti, sempre, pasarán anos para a comprensión "a través da figura en vanguarda/ máis alá da temperá fugaz que limitaba/ formas e baleiro".</p> <p>Xela Arias polos oitenta compañoira de voces solitarias, Cristal Méndez Queizán, Helena de Carlos, por un Vigo de puñais, a desfacerse entre os delirios de paisaxes a tremer entre as latas de cervexa, e Ana Romaní constructora doutras beiras e marés.</p> <p>Xela Arias e a dor afóganos para lerte a ti escrita, tremer ou pinchar cos <i>Tigres coma cabalos</i> (Edicións Xerais, 1990), danza fermosa entre a literatura e a fotografía. Arte: o corpo. Escribir é espirse e a nudez segue sen verse. (IN)Cultura que condena o corpo á ocultación. E, xa se sabe, Xela, non entenderon nada, os</p>	<p>máis eles. ¿Comprendes? E ti contestas desde adentro: "O meu mito de utopías e algúna cara quizais mentira/ prefiro ó teu deserto de estúpidas/ Belezas".</p> <p>E fuches quen de saber que "hai posible en ser muller un privilexio imposible de transferir" e escribícheste nai e escribiches a Darío e a nós, todas fillas, non nais. E <i>Darío a diario</i> (Xerais, 1996) goce da descuberta da vida, goce do amor e de sabérmonos posuídias polo engado do día a día e dun ratiño que vai medrando "nunha entrezona da barriga" e outra vez inédita en tanto amor. Imposible non estar na túa vida, imposible non estares na nosa vida.</p> <p><i>Intempériome</i> (Espiral Maior Poesía, 2003) Travesía das túas regras: "A miña lei, de me nacer así tan negra por elección" "Negra asombrada fanática africana". Tan ti, condenada, tan libre, "Coma un fío de auga quixeras atravesalo todo, / regato/ nos cons da illa ben dotada."</p> <p>Camiñaches sabendo o túnel e a fraga, a rúa e os camiños, as lousas e as lamas e de testamento lanzas aforismos e mensaxes tan secretas para cada unha das nosas vidas. Somos lectoras solitarias a camiñar sabendo desde a túa denuncia do equilibrio que "houbo unha vez</p>	<p>unha elipse que se pechaba/ e un paxaro derrotado que voara".</p> <p>Para sempre estas palabras que nos chantas na boca do estómago, as derradeiras de <i>Intempériome</i>:</p> <p>" INCÉNDIATE á calor da observación. E repasa logo a ollada no pouso dos afectos".</p> <p>Desde a <i>Festa da palabra</i>, desde todas as literatas, coa tristura da túa morte, a ti posuidora dunha clave dourada para as fugas, querémoste poeta.</p> <p>Gracias. E TI XA NOS ENTENDES.</p> <p>Xela, sempre o mar e soñando cabalos. As túas palabras, amantísima, MÁIS ALÁ.</p>
		<p>A C T U A L I D A D E</p>